

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 621/2009, DO 6 DE OUTUBRO.**

Mediante Resolución de Alcaldía nº 580/2009 do 21 de setembro, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, na modalidade de “obra ou servizo determinado” dun arquivista para a organización do arquivo no Concello de Cabana de Bergantiños e cunha duración de seis meses dentro do marco de Programas de Cooperación 2009.

Transcorrido o prazo de 2 días hábiles (excluído o sábado) a contar dende o aviso parte do concello ós demandantes preseleccionados pola Oficina de Emprego de Carballo en base á oferta presentada e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Tendo en conta que a base quinta punto primeiro establece que *“rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en Dereito.”*

Despois de observar as instancias presentadas en tempo e forma segundo os requisitos de documentación esixidos na base cuarta punto 2º.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección de un profesor de idiomas por ter presentado as instancias e a documentación esixida nas bases de selección:

### **ADMITIDOS:**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
BELLÓN GARCÍA, DIANA	47.353.793-J

**EXCLUÍDOS:** ningún

**SEGUNDO.-** Convocar igualmente ao Tribunal de selección para o **mércres 7 de outubro ás 15:00 horas**, para a valoración dos méritos presentados polos aspirantes. De conformidade co previsto na base sexta punto 1, designar como membros do Tribunal de Selección:

- Presidenta: D<sup>a</sup> Elisa Fernández González (Tesoreira do Concello)
- Secretario: D<sup>a</sup>. Gema Vázquez López (Secretaria en funcións do Concello).
- Vogais: D<sup>a</sup> Cristina Morandeira Muiño (Educadora Familiar do Concello).  
D<sup>a</sup>. Dolores Hortas Valeiro (Técnico Deportes do Concello).

**TERCEIRO.-** Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello ([www.concello-cabana.com](http://www.concello-cabana.com)) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución nº 580/2009 de 21 de setembro.

**CUARTO.-** Ó considerarse un acto de trámite cualificado, si se desexa impugnar a presente resolución, procede interpoñer recurso contencioso - administrativo ante o xulgado no prazo de dous meses a contar a partir do día da súa notificación ou publicación.

Alternativamente, e de xeito potestativo, se pode interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a presente resolución, no prazo de un mes a contar a partir da súa notificación ou publicación.

Mándao e asínao o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o seis de outubro de dous mil nove, diante de min, a Secretaria en funcións, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria en funcións,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.:Gema Vázquez López.